

NORMATIVA DO/A DEPORTISTA DE ALTO NIVEL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (DANUDC)

Aprobada en Consello de Goberno na súa sesión do 28/06/2023

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente a actividade física e deportiva converteuse nunha condición para o desenvolvemento integral da persoa, co obxectivo de fomentar, difundir e xestionar a práctica do deporte entre os membros da comunidade universitaria, xa que aglutina elementos como a formación de hábitos beneficiosos para a saúde, as relacións sociais e a ocupación do tempo de lecer.

Nunha concepción moderna da educación universitaria, o deporte debe figurar como un aspecto fundamental na formación do estudiantado, así como do resto da comunidade universitaria.

A ordenación da práctica deportiva e o seu desenvolvemento, nas universidades en xeral e na Universidade da Coruña en particular, resulta de capital importancia, o que fai necesario arbitrar una serie de medidas de orde académica e axudas que faciliten a plena integración dos/as deportistas no mundo universitario, ao mesmo tempo que permitan garantir unha adecuada compatibilidade entre o éxito nos seus estudos e a súa traxectoria deportiva.

Con base no marco legislativo descrito nesta normativa do/a deportista de alto nivel, a Universidade da Coruña, ademais de fomentar a práctica deportiva saudable na comunidade universitaria a través da promoción de actividades deportivas nas instalacións universitarias, establece medidas para conciliar a vida académica e profesional coa práctica deportiva, e recoñece os dereitos e deberes do/a deportista universitario/a.

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña acordou aprobar esta normativa en que se recollen as medidas de promoción e apoio ao deporte universitario, e se definen os obxectivos e as estratexias que cómpre seguir no dito ámbito, á vez que se regulan os recoñecementos de estudos e as actividades e se fixan os criterios para conciliar as actividades académica e deportiva.

MARCO LEGISLATIVO

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, no seu artigo 22. O deporte e a actividade física na Universidade, dentro do Título VI. Universidade, sociedade e cultura, establece que «1. As universidades promoverán a práctica do deporte e a actividade física con carácter transversal en todo o seu ámbito de actuación e, de ser o caso, proporcionarán instrumentos para favorecer a compatibilidade efectiva desa práctica coa formación académica do estudiantado. Así mesmo, as actividades deportivas deben resultar accesibles para todas as persoas, con especial atención ás desigualdades por razóns socioeconómicas e de discapacidade» e «2. Correspóndelles ás universidades a ordenación e organización de actividades e competicións deportivas no seu ámbito respectivo e, de ser o caso, a articulación

de fórmulas para compatibilizar os estudos de deportistas de alto nivel con súas actividades deportivas».

En consonancia co dito precepto legal, o Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do/a estudante universitario/a concibe, nos seus artigos 61 e 62, a actividade física e deportiva como un compoñente da formación integral do estudantado universitario e encoméndalles ás universidades diferentes actuacións para promover a actividade física e deportiva, caso do desenvolvemento de estruturas e programas para acoller a práctica deportiva do estudantado, nas condicións máis apropiadas segundo os usos, para o que destinará os medios materiais e os espazos suficientes.

Os citados artigos establecen que as universidades promoverán a compatibilidade da actividade académica e a actividade deportiva do estudantado e, máis concretamente, a do estudantado que conte co recoñecemento da condición de deportista de alto nivel por parte do Consello Superior de Deportes, ou de deportistas de nivel cualificado ou similar por parte das comunidades autónomas. Ademais disto promoverán programas de actividade física e deportiva específicos para estudantes con discapacidade.

Así mesmo, no ámbito das normas reguladoras da actividade deportiva tamén se recollen referencias ás actuacións que as universidades deben desenvolver. Así, a Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte, no artigo 24, apartado 1, establece que a Administración xeral do Estado, en colaboración, de ser o caso, coas comunidades autónomas, adoptará as medidas necesarias para facilitar a preparación técnica, a incorporación ao sistema educativo e a plena integración social e profesional das persoas deportistas de alto nivel durante e ao final da súa carreira deportiva. Ademais, o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, de deportistas de alto nivel e alto rendemento alude expresamente no seu artigo 9 á obriga das universidades a tomaren en consideración a dita condición de deportistas en procesos como cambios de grupos de docencia, de horarios ou de exames, para os efectos de lles permitir conciliar as súas aprendizaxes coas súas responsabilidades e actividades deportivas, ou en aspectos tales como os requisitos de permanencia.

Na mesma liña das normas estatais, a lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no seu artigo 36, recolle os beneficios dos/as deportistas de alto nivel de Galicia, outórgalles a posibilidade de accederen á concesión de bolsas académicas e axudas económicas, así como a compatibilización dos seus estudos e a súa actividade deportiva.

No ámbito normativo propio da Universidade da Coruña tamén se recolle a importancia da actividade deportiva. Así, nos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, sinalase como finalidade da extensión universitaria, no seu artigo 59, «contribuír ao progreso e á difusión da actividade científica, técnica, cultural e deportiva no ámbito da comunidade universitaria e da sociedade», así como no artigo 66, *k*), o dereito do estudantado a «obter o recoñecemento académico pola súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación».

O Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia establece a regulamentación deste

tipo de deporte, así como dos centros de alto nivel deportivo, da comisión galega de avaliación de alto rendemento deportivo e de rendemento deportivo de base e a oficina de atención ao deportista.

Con base neste Decreto 165/2020, do 17 de setembro, elabórase a Orde, do 23 de xuño de 2021, pola que se establecen os criterios técnico-deportivos para obter as condicións de persoa deportista de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base, e os criterios deportivos para o recoñecemento dos núcleos de adestramento deportivo especializado.

A Universidade baseándose no Decreto 165/2020, do 17 de setembro, publica unha instrución da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente sobre as medidas que se adoptarán na docencia e a avaliación dos/as deportistas de alto nivel e de alto rendemento deportivo, adestradores/as, técnicos/as, xuíces/as e árbitros/as de alto nivel deportivo, que teñan formalizada matrícula na Universidade da Coruña.

En consecuencia, o Consello de Goberno da Universidade da Coruña, na súa sesión do 30/06/2021, acorda aprobar a Normativa para deportistas de alto nivel da Universidade da Coruña (DANUDC).

1. OBXECTO

Esta normativa ten por obxecto definir o concepto de deportista DANUDC, establecer as súas diferentes categorías, determinar os seus deberes e dereitos, e concretar as medidas de promoción e apoio desta universidade ao deporte universitario e aos/ás deportistas universitarios/as, en consonancia cos obxectivos que, respecto diso, recolle o Plan estratéxico da Universidade da Coruña. (RS1.3).

2. DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (DANUDC)

Ten a consideración de deportista universitario, todo o estudiantado matriculado no curso académico en vigor, en estudos conducentes a unha titulación universitaria oficial da Universidade da Coruña, así como o resto de membros da comunidade universitaria (PAS, PDI e PDC) da UDC que representen esta universidade, ou España, nalgunha competición oficial a nivel autonómico, nacional ou internacional, tanto a título individual como colectivo.

Poderá obter a consideración de deportista universitario/a de alto nivel todo/a deportista universitario/a que cumpra algún dos seguintes requisitos durante o período académico do curso en que efectúe a solicitude ou durante o curso académico inmediato anterior a este:

- a) Ter o recoñecemento de deportista de alto nivel de conformidade co procedemento establecido polas correspondentes normas reguladoras de carácter estatal (Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento).
- b) Formar parte da selección nacional dalgunha das diferentes federacións deportivas estatais.

- c) Formar parte do Programa da Asociación de Deportes Olímpicos (ADO) ou do Programa de Apoio ao Deporte Obxectivo Paralímpico (ADOP).
- d) Ter a condición de deportista de alto nivel pola Xunta de Galicia (Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia) e que figuren recollidos no *Diario Oficial de Galicia*.
- e) Ser seleccionado/a pola Área de Deportes da Universidade da Coruña para representar esta nos campionatos de España universitarios (CEU) e acadar un posto de medallista; ser seleccionado/a pola Área de Deportes da Universidade da Coruña nos Campionatos Europeos Universitarios (EUC) e acadar unha das oito primeiras posicións ou ser seleccionado polo Consello Superior de Deportes (CSD) nos campionatos mundiais universitarios (WUC) ou Universiada, na edición do curso académico inmediato anterior ao de referencia. No caso dos deportes de equipo, recibirán esta consideración todos/as os/as integrantes do equipo.

Para outros niveis deportivos non recollidos con anterioridade, a Comisión de Valoración dos DANUDC poderá ter en conta outras circunstancias que serán debidamente motivadas.

A condición de DANUDC terá unha validez dun (1) curso académico, renovable no caso de manter os requisitos mínimos esixidos.

Tipos de niveis de deportistas de Alto Nivel:

- DANUDC Categoría I

Terá a consideración de **deportista alto nivel UDC categoría I** todo/a deportista universitario/a que cumpra con algún dos seguintes requisitos:

- a. Ter o recoñecemento de deportista de alto nivel segundo o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.
- b. Formar parte da selección nacional dalgunha das diferentes federacións deportivas estatais.
- c. Formar parte do Programa de Deportes Olímpicos (ADO) ou do Programa de Apoio ao Deporte Obxectivo Paralímpico (ADOP).
- d. Ter a condición de deportista de alto nivel pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia e os programas de beneficios dirixidos a estes e que figuren recollidos no *Diario Oficial de Galicia*.

- DANUDC Categoría II

Terá a consideración de **deportista de alto nivel UDC categoría II** todo/a deportista que cumpra os seguintes requisitos:

- a. Ser medallista formando parte da selección universitaria da UDC nos últimos campionatos nacionais.
- b. Clasificarse entre os oito primeiros, en competicións oficiais do Comité Español de Deporte Universitario en competicións europeas, durante o curso académico anterior.
- c. Ser seleccionado polo Consello Superior de Deportes (CSD) nos campionatos mundiais universitarios (WUC) ou Universiada, na edición do curso académico inmediato anterior ao de referencia.

- DANUDC Categoría III

Terá a consideración de **deportista de alto nivel UDC categoría III** quen acredite un excelente rendemento, tanto en competicións nacionais como internacionais de máxima categoría, dentro das modalidades deportivas que son de interese para a promoción do deporte na Universidade da Coruña.

3. DEREITOS E MEDIDAS DE APOIO A DANUDC

Establécense como dereitos dos/as DANUDC os seguintes:

- a. Inclusión no programa de titorización da ADI (Atención a Diversidade da Universidade da Coruña), dependente da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (VCFRS) en que os/as titores/as asesorarán os/as deportistas e realizarán labores de intermediación entre o estudantado e o seu profesorado para facilitar a conciliación das actividades académicas e deportivas daquel (asesoramento de trámites administrativos, adaptacións académicas, seguimento e avaliación e mediación nas solicitudes de cambios de horarios, exames e prácticas obrigatorias).
- b. Recoñecemento de créditos de participación (ECTS) nas ensinanzas de grao por actividades. A cantidade e as condicións para o recoñecemento efectivo dos ECTS estableceranse mediante unha resolución reitoral, de acordo coa normativa vixente na UDC.
- c. Acceso ao programa específico de bolsas e axudas que a Universidade da Coruña convoque para deportistas universitarios/as de alto nivel.
- d. Abono Deporte gratuíto para o curso en que ten recoñecida a condición de DANUDC.
- e. Acceso gratuíto ás instalacións deportivas da Universidade da Coruña en igualdade de condicións que o resto de persoas abonadas á Área de Deportes.
- f. Asesoramento e servizos complementarios relacionados co alto rendemento deportivo en colaboración con servizos, centros e facultades da Universidade da Coruña.
- g. Acceso á convocatoria de bolsas de exención de taxas de matrícula.
- h. Reserva, como mínimo, dun 3 % das prazas das residencias universitarias.
- i. Reserva, como mínimo, dun 2 % das axudas propias da UDC para o transporte e o comedor.
- j. A reserva dun 3 % na preinscrición e matrícula nos másteres universitarios para o curso académico en vigor. As bolsas e axudas serán incompatibles no caso de que compartan o mesmo obxecto da bolsa ou axuda.

4. DEBERES DOS DANUDC

Establécense como deberes dos/as DANUDC os seguintes:

1. Participar nas sesións de titorías que se concreten co/a titor/a académico/a que asigne o centro. Considerase condición indispensable ter un contacto certificado co/a titor/a para beneficiarse de calquera dereito ou medida de apoio que se poña a disposición das persoas DANUDC.



2. Presentarlle o calendario deportivo a quen titorice, en que figuren as datas e os horarios dos adestramentos, as competicións ou as convocatorias. No caso de non as poder presentar con exactitude, achegaranlle un calendario provisional co compromiso de o actualizar o máis axiña posible. En calquera caso, a dita presentación será entregada cunha anterioridade dun (1) mes ás datas dos exames oficiais ou das prácticas obrigatorias.
3. Concretar con quen titorice as posibles incompatibilidades entre a actividade académica e a práctica deportiva.
4. Xustificar as ausencias nas sesións académicas (tanto teóricas como prácticas) pola participación en adestramentos, convocatorias e/ou competicións. Será necesario presentar una certificación asinada polo club ou federación correspondente.
5. Colaborar coa Universidade da Coruña na promoción de programas e proxectos de actividade física, exercicio e saúde e hábitos de vida saudable.
6. Mostrar un comportamento acorde co Código ético deportivo e co Regulamento de participación en competicións, nas relacións coa organización, árbitros/as e outros/as deportistas que formen parte da organización naquelas competicións ou actividades en que participen.
7. Cumprir as normas establecidas polos regulamentos de réxime interno da Área de Deportes da UDC, tanto no uso das súas instalacións como no das competicións deportivas internas e externas deportivas en que participen, así como naquelas outras en que o fagan representando a Universidade da Coruña.
8. Cumprir as normas de disciplina deportiva elaboradas polos estamentos oficiais organizadores das competicións en que participe en representación da Universidade da Coruña.
9. Participar nas convocatorias do Campionato de Galicia Universitario, Campionato de España Universitario, Campionato de Europa Universitario e Campionato do Mundo Universitario e Universiadas, correspondentes á disciplina deportiva para a que foron considerados/as deportistas universitarios/as de alto nivel en representación da Universidade da Coruña. O feito de participar nos procesos de selección non implica a selección definitiva, que se fará atendendo aos seguintes criterios:
 - a. Marcas mínimas reportadas polo CSD
 - b. CV deportivo
 - c. Prevalencia de participación do/a DAN UDC no caso de igualdade manifesta no CV deportivo.
 - d. Se aínda existe dúbida ao respecto para a selección definitiva, reunirase a comisión de valoración para resolver a selección do/a deportista en cuestión.

10. Informar a Área de Deportes dos resultados que obteñan en competicións oficiais durante o período de validez de consideración de DANUDC.
11. Garantir que toda a información e os datos facilitados en referencia a resultados deportivos, marcas e convocatorias están certificados polo club e/ou federación deportiva correspondente.
12. No caso de non cumprir con algunha das anteriores condicións (agás por motivos debidamente xustificadas), perderase a condición de DANUDC.

5. OBTENCIÓN DA CONDICIÓ N DANUDC

Na presentación da solicitude, o/a deportista deberá aceptar e sinalar de forma clara no compromiso DANUDC, a aceptación expresa dos deberes que ten como deportista de Alto Nivel da Universidade da Coruña (DANUDC).

6. DISPOSICIÓ N FINAL

Esta Normativa do/a deportista de alto nivel da Universidade da Coruña (DANUDC) entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Taboleiro Oficial da UDC.